

## **BASES DO PROGRAMA**

### **ENCONTRO DA MOCIDADE SAN SIMÓN 2018**

#### **Descrición da actividade:**

Consiste en ofrecer unha proposta de participación facilitadora de espazos de encontro e interacción entre a mocidade do municipio en contextos informais e espazos naturais para traballar temas culturais que lles resulten de interese mediante a aplicación de metodoloxías lúdicas e creativas. Cada ano o encontro ten unha temática que vai ligada a grandes acontecementos que sucederon ao longo a historia arredor da Illa de San Simón. Nesta ocasión a temática estará baseada na novela de Julio Verne *Veinte mil leguas de viaxe submarino*. Os/as participantes atoparanse durante a súa estancia en San Simón con Aronnax, co Capitán Nemo e terán ocasión de coñecer todos os segredos do Nautilus. Tamén haberá outras aventuras e sorpresas nas que os mozos e mozas de Soutomaior construírán a súa historia a través do seu paso por San Simón.

Durante este encontro traballarase por grupos de idade, segundo o desenvolvemento evolutivo das persoas participantes. Utilizarase unha metodoloxía lúdica, dinámica e divertida na que se fomentará o traballo en equipo e a cooperación baseada en todo momento no xogo e a diversión como método didáctico para que as persoas participantes sexan as verdadeiras protagonistas.

#### **Obxectivo xeral:**

Promover un espazo de encontro onde as actividades lúdicas e educativas reforzarán valores como a convivencia, o respecto, a tolerancia e a igualdade así como o interese por aprender e coñecer a nosa cultura.

#### **Contidos:**

Actividades enfocadas á participación e coñecemento da riqueza cultural da Illa de San Simón e do seu entorno centradas na temática deste ano e actividades de lecer e tempo libre.



**Período de execución:** do 20 a 23 de agosto (4 días/3 pernoctas) de 2018

**Lugar:** Illa de San Simón

**Número de prazas:** O programa consta de 54 prazas como máximo e 25 como mínimo.

### **Quen pode participar e como se organizarán os grupos?**

Mozos e mozas de 12 a 17 anos (ambas incluídas).

O grupo subdividirase en dous grupos atendendo ás idades das persoas inscritas. O número de prazas por grupo será de:

28 prazas para participantes de idades comprendidas entre os 12 e 14 anos

26 prazas para participantes de idades comprendidas entre os 15 e 17 anos

O Concello de Soutomaior organizará aos participantes por idades. *No caso de non cubrirse a totalidade das prazas ofertadas nalgún dos grupos, estas prazas vacantes acumularanse automaticamente ao outro grupo si hai persoas en lista de agarda.*

*Cada grupo contará cun programa de actividades deseñado especificamente para as súas idades pero todos os días participarán tamén en actividades conxuntas para atender a propia filosofía do encontro.*

### **Que servizos están incluídos?**

- a) Un programa de actividades lúdicas, recreativas, formativas e de convivencia adaptadas ás idades dos grupos e ás súas necesidades específicas onde todos e todas poidan participar de xeito igualitario.
- b) O aloxamento en habitacións compartidas. A distribución realizarase o primeiro día mediante un xogo guiado polo equipo de monitores/as (os homes durmirán nunha planta e as mulleres noutra).
- c) A manutención en réxime de pensión completa
- d) O material necesario para as actividades.



- e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre. Para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa diversidade funcional, disporase de persoal de apoio necesario adaptado ás súas características. Cada caso tratase de xeito particular e estará suxeito ó tipo de necesidades específicas tendo en conta as características propias da Illa e as súas posibilidades.
- f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.
- g) Persoal de limpeza, de cociña e vixilancia permanente na Illa (con medios propios de evacuación no caso de ser necesario).

### **Canto custa a actividade para as persoas inscritas?**

O importe final que deberá pagar a persoa interesada é de:

50 Euros/empadroados-as.

*145 euros non empadroados/as (soamente poderán participar no caso de quedar vacantes e sempre que previamente se cubran como mínimo 25 prazas por persoas empadroadas).*

Descontos ou bonificacións **soamente para empadroados/as**, poden ser:

- Cando no familiar mesmo grupo teña máis dun participante aplicaranse as seguintes bonificacións:
  1. Ao 2º participante unha bonificación do 25%
  2. Ao 3º participante una bonificación do 50%
  3. Ao 4º participante unha bonificación do 75%
  4. Os quintos e sucesivos membros participantes dun mesmo grupo familiar quedarán exentos da taxa.

*Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude e achegar o documento acreditativo Exemplo: libro de familia (no caso de non presentalo non se aplicará este desconto).*

- **4 prazas como máximo co desconto do 100%** para os/as menores empadroados/as no Concello de Soutomaior que acrediten a súa situación de menores en situación ou risco de exclusión social que serán adxudicadas por orde de inscrición. Terán que acreditar tal condición previo informe da Traballadora Social do Concello, dunha institución análoga ou de persoal técnico acreditado para certificar tal condición.



- Cando **todos os membros da unidade familiar se atopen en desemprego e poidan acreditálos bonificárase un 50%**.

### Que prazo hai para presentar a solicitude?

O prazo abrírase o 24 de abril e pecharase o 31 de maio de 2018.

### Como e onde inscribirme?

O modelo de solicitude estará a disposición das persoas interesadas na OMIX e tamén poderá descargarse na páxina [www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com)

**IMPORTANTE:** A **reserva da praza farase efectiva no momento de entregar toda a documentación na OMIX previo pago da cota no banco.** A documentación completa a entregar para formalizar a solicitude será:

Formulario impreso debidamente cuberto xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou NIE da ou do menor ou, no seu defecto, da súa inscrición no libro de familia.
- Fotocopia do DNI ou NIE da nai, do pai ou da persoa titora.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor ou do seguro médico privado
- Libro de familia para acreditar descontos de irmás
- Resgardo bancario de pago de cota
- Documentos que acrediten a condición de desemprego de todos os membros da familia
- Ficha de inscrición cuberta e asinada (no seu caso autorización menores)
- Informe médico no caso de padecer algunha doenza específica
- Certificado acreditativo do grado de discapacidade ou copia do ditame médico de valoración
- Se é o caso, para os menores en risco de exclusión social informe da Traballadora Social

Os impresos de solicitude deberán cubrirse de acordo coas seguintes normas:

- Só se poderá cubrir unha solicitude por mozo/a e os datos serán os da persoa que solicita participar na actividade.
- As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai ou persoa titora da ou do menor solicitante e as posibles autorizacións.



**Especificar cando se faga o ingreso:**

Concepto – Encontro da mocidade 2018

Nome e apelidos da persoa inscrita

**Números de conta:**

ENTIDADE	Nº CONTA
ABANCA	ES68 2080 5457 9831 1010 1855
BANCO PASTOR	ES97 0238 8304 3606 6000 0173
BANCO SANTANDER	ES78 0030 6205 8900 0066 4271
BBVA	ES54 0182 5636 9702 0036 0650
LA CAIXA	ES73 2100 4313 5822 0000 4223

**Criterios de admisión:**

As prazas cubriranse por orde de inscrición tendo en conta:

- en primeiro lugar, persoas empadroadas no Concello de Soutomaior
- en segundo lugar, orde de entrada.

E, a partir de aquí, se quedan prazas vacantes unha vez rematado o prazo de inscrición adxudicaranse si quedan prazas vacantes ás:

- persoas non empadroados/as no Concello que se inscribisen tendo en conta a orde de entrada da solicitude.

Se hai máis solicitudes que prazas abrírase unha lista de agarda coas persoas interesadas. As baixas soamente se cubrirán ata o primeiro día de actividade e iranse chamando seguindo os criterios anteriores de admisión. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida deberase efectuar o pagamento no prazo establecido. Sen non se puidese contactar coa persoa interesada ou esta non efectuase o pagamento en prazo será dada de baixa e contactarase coa seguinte persoa na lista de agarda.



**Se realizo o aboamento da praza e finalmente o/a solicitante non pode acudir, é posible a devolución dos cartos?**

Para ter dereito á devolución do importe aboado da praza adxudicada a persoa interesada deberá solicitar por escrito a renuncia á praza e a devolución SEMPRE E CANDO se desen algunha destas circunstancias:

Só se terá dereito á devolución do importe da cota de inscrición:

- Cando non se obteña praza.
- Cando non se iniciase a actividade e, cando se lle confirme a praza antes de que a acepte. Tamén no caso de que haxa lista de agarda para cubrir esa vacante.
- No caso de impedimento da persoa interesada para asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificadas:
  - o Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegar o correspondente xustificante médico)
  - o Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar xustificación do motivo)

Coa maior brevidade posible a persoa interesada deberá comunicarlle a renuncia á praza, por teléfono ou por correo electrónico [omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com) ou por teléfono á OMIX no número 986700822; si a OMIX está pechada por vacacións comunicarse nas oficinas centrais do Concello no número 986705106 co fin de que poidamos realizar as xestións de adxudicación desa praza á seguinte persoa da lista de agarda.

A presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar en canto se produza algún destes motivos que xustifican a renuncia coa achega do correspondente xustificante

- No caso de non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada ou anulación da actividade pola Administración. A presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar no prazo de 20 días naturais contados desde que o Concello comunique as causas da non prestación do servizo. Para estes efectos as persoas interesadas dispoñen dun



modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de inscrición, que poderá descargarse na páxina [www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com)

**Como se comproba ou corríxen os datos da solicitude e que prazo hai para facelo?**

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, comunicaráselle por correo electrónico ou teléfono a adxudicación de praza indicándolle todo o que necesite para participar na actividade así como a data e hora da reunión coas familias e participantes.

**Máis información e inscricións:**

Concellería de Xuventude - OMIX

r/Peirao, 8 – Centro Multiusos

Tel. 986700822 – [omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com) [www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com)